

## **MANIFESTO 25N - CONSELLO MUNICIPAL DA MULLER**

### **“ENLAZA VIGO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO”**

A violencia machista manifestase de moitas formas, todas elas de forma estrutural nun sistema patriarcal que ten base nas distintas realidades sociais como os centros de estudo, os de traballo, as distintas formas de lecer e tempo libre, nas relacións persoais e afectivas.

Nestes anos avanzamos contra a eliminación da mesma, non obstante queda moito por facer. É por iso que hoxe, 25 de novembro, é unha data de reivindicación e concienciación.

A última expresión da violencia machista son os asasinatos, por iso dende a base, no noso contorno máis preto é preciso que mudemos as cousas. A concienciación, a prevención e a visibilidade de todos aqueles comportamentos constituíntes de agresións machistas e que aínda están socialmente aceptadas, son cuestións fundamentais para a erradicación da mesma, é por iso que son piares esenciais o ámbito do ensino e a concienciación da mocidade. Os últimos estudos reflicten que a violencia de xénero esténdese entre a poboación máis nova, sendo máis do 80% as mozas de entre 14 e 19 anos que afirman coñecer casos de violencia no seu contorno máis preto.

Non todas as formas de violencia de xénero teñen o mesmo rexeitamento entre a xuventude. Máis do 90% da mocidade rexeita a violencia física, sexual ou verbal. Pola contra, a unanimidade desaparece cando falamos da violencia de control. Un tipo de violencia moi estendida nas relacións de parella dos adolescentes e xoves, que en moitos casos artículanse o redor de mecanismos de posesividade.

As novas tecnoloxías e as redes sociais son hoxe factores de violencia de xénero en parellas xoves. O seu mal uso produce condutas frecuentes como a difusión de comentarios ofensivos, fotografías ou vídeos íntimos e a violación da privacidade da parella. Moitos xoves non identifican este tipo de comportamentos como maltrato. A violencia de control e psicolóxica é a primeira sinal de alarma.

Temos que lembrar tamén que todas estas expresións de violencia non só poden darse nunha relación afectiva, en moitas ocasións danse sen existir ningún vínculo afectivo, é dicir, dunha forma simbólica con expresións ou comportamentos que poñen de manifesto de maneira habitual a construción social existente dos roles de xénero.

A educación é a base primordial de loita contra estas violencias. É xusto resaltar o traballo que dende os centros educativos estase a realizar. Tanto o profesorado como o alumnado volcanronse coa prevención e a concienciación é boa mostra diso sodes todos os mozos e mozas presentes.

A maior prevención que pódese facer é a de establecer relacións baseadas no respecto pola outra persoa. Respetar esa máxima de non facer nada que non queiramos que nos fagan e seguir loitando dende a capacidade individual de cada un para erradicar todas as mostras de violencia, facendo énfase na violencia de control, a máis estendida entre a xuventude.

Este 25N a mocidade viguesa é o claro exemplo de que coa colaboración de todos podemos construír unha sociedade mellor, que as xeracións máis xoves tamén teñen moito que ensinar ás máis maiores e que con esta base seguro obteremos o que esixía Rosa Luxemburgo: un mundo onde sexamos socialmente iguais, humanamente diferentes e totalmente libres.